

AO SECRETARIO XERAL DE INDUSTRIA E DESENVOLVEMENTO ENERXÉTICO

Consellería de Economía e Industria, Xunta de Galicia

_____, maior de idade, titular do DNI _____,
con domicilio na rúa _____, concello de _____, e
dirección de correo electrónico _____, actuando
en nome propio, comparezo e, como mellor proceda en Dereito,

DIGO

PRIMEIRO. – Que tiven coñecemento da tramitación por parte da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético do Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) Cobre San Rafael situado nos termos municipais de Touro, O Pino, Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola Sociedade Cobre San Rafael, S.L., xunto co correspondente plan de restauración e cos proxectos das liñas de alta tensión necesarias para a operatividade do citado proxecto.

Que teño interese en personarme en calidade de *persoa interesada* nos devanditos procedementos.

SEGUNDO. – Que, de conformidade co artigo 4.1.b) e c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ostento tal condición por canto:

- Teño dereitos que poden resultar afectados pola decisión que se adopte no procedemento de autorización do citado proxecto.
- Os meus intereses individuais poden resultar afectados pola resolución, e aínda non recaeu resolución definitiva.

TERCEIRO. – Que son veciño/a residente e/ou estou empadroad/a no concello de _____ onde se sitúa o PIE Cobre San Rafael, tal e como consta no meu DNI, e, polo tanto, resultarei afectado/a por dito proxecto.

Ao mesmo tempo, teño propiedades e bens no concello de _____ que resultarán afectados polo PIE Cobre San Rafael (xunto a este escrito a acreditación da propiedade con escritura...).

CUARTO. – Tanto as obras de adecuación como o futuro funcionamento do proxecto poñen en risco o exercicio dalgúns dos meus dereitos recoñecidos nas seccións 1ª “Dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas” e 2ª “Dos dereitos e deberes dos cidadáns” do Capítulo Segundo “Dereitos e liberdades” do Título I “Dos dereitos e deberes fundamentais” da Constitución de 1978, tal e como vén recoñecendo desde hai décadas o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Así

mesmo, representa un risco para o meu dereito a gozar dun medio ambiente axeitado recoñecido no artigo 45 da nosa Constitución e declarado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas (A/RES/76/300), o 28 de xullo de 2022, como dereito humano a un medio ambiente limpo, san e sostible. Ademais, representa un risco para o meu dereito á auga potable recoñecido pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na resolución A/RES/64/292 do 28 de xullo de 2010.

QUINTO. – Que, polo tanto, son titular de intereses lexítimos susceptibles de seren afectados polas resolucións que poidan ditarse nos expedientes de referencia, polo que a miña personación se identifica cos meus intereses lexítimos.

SEXTO. – En virtude do anterior, son *persoa interesada* no procedemento de autorización do PIE Cobre San Rafael S.L., de conformidade co previsto no artigo 4.1.b) e c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xúntanse a esta solicitude fotocopia do meu DNI.

SÉTIMO. – Que, de acordo co artigo 53.1.a) da citada Lei 39/2015, que regula os “Dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo”, nas miñas relacións coa Administración Pública teño “dereito a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...) Así mesmo, tamén terán dereito a acceder e obter copia dos documentos contidos nos citados procedementos”.

Por todo o anteriormente exposto,

SOLICITO

Que, tendo por presentado este escrito, xunto cos documentos que se achegan, e de conformidade co disposto no artigo 4.1.b) e c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se me teña por personado como persoa interesada no procedemento administrativo de autorización do PIE Cobre San Rafael e en todos os procedementos conexos ao mesmo, incluído o procedemento de outorgamento de dereitos mineiros; e, consecuentemente, se me dea vista do actuado mediante acceso ao expediente administrativo, se me comuniquen as incidencias que no sucesivo se produzan, se me conceda trámite de audiencia cando por lei corresponda, se me traslade a proposta de resolución e, finalmente, se me notifique a resolución que poña fin ao procedemento.

Para que así conste para os efectos oportunos,

En _____, a _____ de _____ de 2026

Fdo.